

O Alcalde entregoulles hoxe os diplomas e uns agasallos de recoñecemento polos traballos de recollida e limpeza de depósitos plásticos que fixeron hai uns días na praia de Barraña.

Estes alumnos participan no programa “Recíclate con Sogama”, este proxecto traballa o tratamento de plásticos exclusivamente realizando actividades no centro e na praia, recollen estes residuos para facer un estudio dos distintos tipos de plásticos que aparecen nos areas e logo sensibilizar ao resto de alumnos e colexios desta problemática.

O material recolleito é tratado, en colaboración co Concello de Boiro, facendo unha separación en tres fraccións: envases lixeiros, cordas e plásticos duros, coa finalidade de que dende o punto limpo se leven aos recicladores pertinentes.

A profesora do departamento de tecnoloxía do centro Flor Domínguez coordina aos dez alumnos participantes nos proxectos.